

Nº EXPEDIENTE: 2001/000044-0

10.01.01 015033
REGISTRO XERAL
SAIDA

DATOS XERAIS OU DE IDENTIFICACION

NOME DA ENTIDADE: A XANELA ASOCIACION DISCAPACITADOS ACTIVOS		
C.I.F.: G15224330	Nº INSCRICIÓN: S-1385	
ENDEREZO: ESTACION DE AUTOBUSES - 1ª PLANTA		LOCALIDADE: PONTES DE GARCIA RODRIGUE
PROVINCIA: CORUÑA (A)	Ç.P.: 15320	TELÉFONO: 670523041
REPRESENTANTE LEGAL: REMEDIOS HERMIDA OROSA		D.N.I.: 33850924-F

Con esta data a Directora Xeral de Servizos Sociais dictou a seguinte resolución:

Visto o expediente relativo á inscrición da entidade **A XANELA ASOCIACION DISCAPACITADOS ACTIVOS**, no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

SUPOSTOS DE FEITO

Primeiro.- Pola Entidade en cuestión solicitouse o 19/03/2001 a inscrición no devandito Rexistro.

Segundo.- Pola entidade **A XANELA ASOCIACION DISCAPACITADOS ACTIVOS** aportouse a documentación esixida no artigo 14 do Decreto 291/95, de 3 de novembro.

Terceiro.- Dos estatutos da entidade e da relación de programas presentado dedúcese que os fins e obxetivos da entidade **A XANELA ASOCIACION DISCAPACITADOS ACTIVOS** están contemplados dentro dos sinalados na Lei de Servizos Sociais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Esta Consellería é competente para resolverlo expediente en virtude do establecido no artigo 16 do Decreto 291/95, de 3 de novembro e na Orde do 5 de febreiro de 1996, de desenvolvemento do mesmo, así como no Decreto 48/1998, de 5 de febreiro polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

Segundo.- O artigo 32.3 da Lei 4/93, do 14 de abril, de Servizos Sociais, e o artigo 2 do Decreto 291/95, de 3 de novembro, establecen que tódalas entidades que desexen prestar servizos sociais, deberán estar inscritas, con carácter previo ó inicio das súas actividades, no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais que corresponda en función da súa área de actuación.

Vista a Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servizos Sociais, o Decreto 291/95, de 3 de novembro, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Lei 4/99, de 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/92, e demais normativa de carácter xeral aplicable.

Nº EXPEDIENTE: 2001/000044-0

Esta Subdirección Xeral **PROPÓN** a V.I. a adopción da seguinte

RESOLUCIÓN

Practica-la **inscrición** da entidade **A XANELA ASOCIACION DISCAPACITADOS ACTIVOS** no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, asignándoselle o número **S-1385**.

Notifíquese ós interesados a presente Resolución.

Vista a anterior proposta de resolución formulada pola Subdirección Xeral de Administración e Inspección de Servizos Sociais este órgano **ACORDA**: darlle aprobación nos seus propios termos.

O que se lle notifica, significándolle que contra esta resolución poderá interperse recurso de alzada perante o Excmo. Sr. Conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais, no prazo de un mes contado desde a súa notificación, conforme ó previsto no artigo 114 da Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Asemade, faise constar que a incrición da entidade non implica autorización dos centros de que dispoña, para o que deberá axustarse ó prevenido no Decreto 243/95, do 28 de xullo (DOG, 21 de agosto) de autorización de centros de Servizos Sociais.

Santiago de Compostela, 10 de Abril de 2001

O XEFE DE SERVICIO DE ADMINISTRACION
E XESTIÓN ECONÓMICA

Asdo.: Ramón Rego Varela



A XANELA ASOCIACION DISCAPACITADOS ACTIVOS
ESTACION DE AUTOBUSES - 1ª PLANTA
PONTES DE GARCIA RODRIGUE
CORUÑA (A)